



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1339/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 16.11.2022 [REDACTED] en calidade da Comisión de Seguridade e Saúde solicita por rexistro electrónico solicita acceso ao contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a revisión da organización existente da situación dos postos de traballo, do réximen retributivo, da eficiencia na prestación do servizo e das condicións de seguridade e saúde no traballo no servizo de bombeiros de Vigo SEIS, así como o calendario da mesma consultoria para o resto de servizos municipais incluído a área de recursos humanos RRHH.

En data 20.12.2022 á área de RRHH e Formación remite o expediente a Secretaría de Goberno Local.

En data 22.12.2023 solicitouse á área de RRHH e Formación como órgano xestor do expediente a emisión de informe no prazo de cinco días e faciliten, de ser o caso, a documentación ao respecto.

En data 23.01.2023 por parte da área de RRHH e Formación remitiuse informe no que conclúe *"Non correspondendo a esta área xestora pronunciarse sobre a procedencia do acceso no presente informe, de conformidade coa petición formulada por Secretaría, infórmase que o expediente electrónico 40.976/220 atópase no buzón 220, non existindo inconvinte algún en remitilo á unidade xestora das solicitudes de acceso á información pública para que se materialice ou proporcione o acceso que se autorice na resolución que poña fin ao procedemento administrativo obxecto do expediente 1139/1102."*

En data 02.02.2023 requiriuse novamente ao abeiro do artigo 19.4 da LTAIBG a área de RRHH e Formación a emisión de informe sobre o acceso á información solicitada para que no prazo de cinco días emita informe sobre o as solicitude de acceso e achegue, se procede, a documentación solicitada previa aplicación dos límites do dereito de acceso (artigo 14 LTAIBG) e verificación da existencia de datos personais (artigo 15 LTAIBG).

En data 7.02.2023 emitiuse novo informe da área de RRHH e Formación.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)

| | | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo 1339-1102 | Data impresión: 03/03/2023 11:34 | Páxina 1 de 5 |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

O réxime xurídico previsto para ao acceso á información pública na Lei 19/2013, do 9 de decembro(LTAIBG), os seus límites e o procedemento que ha de seguirse, tan só quedan desprazadas, actuando neste caso como supletoria, cando outra norma legal haxa disposto un réxime xurídico propio e específico de acceso á información nun ámbito determinado, tal e como establece a Disposición adicional primeira apartado segundo da LTAIBG)

En materia de acceso á información por parte da representación sindical a STS 748/2020 de 11 Jun. 2020, Rec. 577/2019 determina *"O art. 40.1 del Real Decreto legislativo 5/2015 de 30 de octubre, por el que se regula el Estatuto Básico del Empleado Público, no contiene un régimen específico y alternativo que desplace el régimen general de acceso a la información contenido en la Ley 19/2013, ni limita o condiciona el acceso a la información que las Juntas de Personal pueden tener en relación con aquellas materias relativas los empleados que representan y la información que les atañe."* E por isto que o acceso á información obxecto da solicitude por parte de [REDACTED] ne calidade de representante sindical trámitase conforme a LTAIBG.

| | | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/03/2023 11:34 | Páxina 2 de 5 |
| 1339-1102 | | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública "los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones." É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: "El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información".

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que "ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad" (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada,

O artigo 8 da LTAIBG as entidades locais deberán facer pública, como mínimo, a información relativa, entre outros, a todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, publicitouse, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos.

Respecto aos contratos menores basta a súa publicación na forma prevista no artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP): "La publicación de la información relativa a los contratos menores deberá realizarse al menos trimestralmente. La información a publicar para este tipo de contratos será, al menos, su objeto, duración, el importe de adjudicación, incluido el Impuesto sobre el Valor Añadido, y la identidad del adjudicatario, ordenándose los contratos por la identidad del adjudicatario. Quedan exceptuados de la publicación a la que se refiere el párrafo anterior, aquellos contratos cuyo valor estimado fuera inferior a cinco mil euros, siempre que el sistema de pago utilizado por los poderes adjudicadores fuera el de anticipo de caja fija u otro sistema similar para realizar pagos menores"

Neste senso o Concello da publicidade aos contratos menores a través do seguinte enlace <https://transparencia.vigo.org/index.jsp?id=118&tipo=ele&ita=0&lang=ga>

Concretamente o informe de data 7.02.2023 sinala "Respecto á solicitude de acceso formulada por D. [REDACTED] resulta necesario a súa consideración en relación a diferentes extremos, os cales merecen diferente tratamento:

Publicidade: Conforme a vixente instrución 1/2021 sobre os contratos menores do Concello de Vigo, os seus organismos autónomas e entidades do sector público municipal, os contratos menores publicaranse, polo menos trimestralmente, no perfil do contratante, e ademais cumpriranse as prevencións establecidas na normativa sobre transparencia. Consta no portal de transparencia do Concello de Vigo <https://transparencia.vigo.org/referencia> especificando empresa adxudicataria, obxecto, data e importe.

| | | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/03/2023 11:34 | Páxina 3 de 5 |
| 1339-1102 | | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

CONCLUSIÓN

En consecuencia, procédese a facilitar acceso ao expediente 40.976/220 a persoa solicitante, que será posto a disposición para a súa vista cando así o requira o órgano instructor."

A circunstancia de que se configure como unha obrigaón de publicidade activa a publicación de los contratos no exclúe, que calquera persoa poida solicitar o acceso a esa información en tanto que a mesma constitúe información pública aos efectos do artigo 13 LTAIBG. Neste senso segundo o informe da área de RRHH e Formación, servizo xestor, non se desprende concorren en el presente caso ni límites ni causas de inadmisión que resulten de aplicación polo que procede facilitar o acceso.

Non obstante o servizo xestor, deberase ter en conta, no seu caso o deber de confidencialidade no artigo 133 da LCSP "1. Sin perjuicio de lo dispuesto en la legislación vigente en materia de acceso a la información pública y de las disposiciones contenidas en la presente Ley relativas a la publicidad de la adjudicación y a la información que debe darse a los candidatos y a los licitadores, los órganos de contratación no podrán divulgar la información facilitada por los empresarios que estos hayan designado como confidencial en el momento de presentar su oferta."

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019 e 6.09.2022

Polo exposto fórmase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude formulada por [REDACTED] de acceso a información público

SEGUNDO.- Requirir a área de RRHH e Formación para que proceda a facilitar ao solicitante o acceso con respecto, se procede, do deber de confidencialidade.

TERCEIRO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo

| | | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/03/2023 11:34 | Páxina 4 de 5 |
| 1339-1102 | | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (PD Resolución da Alcaldía de data 6.09.2022) Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

| | | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 03/03/2023 11:34 | Páxina 5 de 5 |
| 1339-1102 | | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |